

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA CONCELLO DE CENLLE

1.- OBXECTO:

O obxecto das presentes bases é regular o réxime de concesión de premios para o III Concurso de Decoración Navideña do Concello de Cenlle.

2.- PARTICIPANTES:

Poderán participar as seguintes persoas, segundo a categoría do premio ao que optan:

- Categoría individual: persoas físicas empadroadas no Concello de Cenlle maiores de idade.
- Categoría comercios: persoas físicas ou xurídicas titulares dun establecemento comercial no Concello de Cenlle.
- Categoría persoa xurídica sen ánimo de lucro: asociacións, comunidade de montes veciñais en man común con domicilio social no Concello de Cenlle, e CEIP Carmen García Carrasco de Cenlle.

Cada persoa solicitante só poderá presentar 1 decoración de Nadal.

3.- REQUISITOS, TEMÁTICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN

A decoración ten que ser visible desde o espazo público. No caso de categoría de persoas xurídicas sen ánimo de lucro, poderase ocupar o espazo público, previa solicitude e autorización do Concello de Cenlle.

Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo, sempre que a temática xire en torno ao ambiente de Nadal.

4.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación das solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincial de Ourense e remata o día

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cenlle en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, no rexistro electrónico da Sede electrónica do Concello de Cenlle <https://cenlle.sedelectronica.gal> ou na Biblioteca pública de Cenlle, en horario de 9:30 a 12:30 horas.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se incorpora como Anexo I destas bases e que estará dispoñible na sede electrónica municipal.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- DNI da persoa solicitante
- CIF da entidade xurídica solicitante, xunto co DNI da persoa representante.
- Indicación da situación exacta da decoración de Nadal que presenta.
- Certificado bancario do número de conta da persoa solicitante.

5.- XURADO:

O xurado estará formada por unha Comisión de Valoración integrada por 3 membros nomeado pola Alcaldía.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

5.- VALORACIÓN:

O xurado visitará as vivendas, negocios e espazos públicos dos participantes o **día 30 de decembro de 2024**, previa comunicación do día e hora aproximada aos participantes, polo que a decoración debe de estar colocada nesas datas.

Seguiranse en todo momento as recomendacións sanitarias polo que, de non ser posible que o xurado valore de xeito presencial as decoracións, solicitaráselle aos inscritos que acheguen fotografías dos mesmos ao enderezo concello.cenlle@gmail.com ou ben por whatsapp ao 680 74 26 81, indicando as fotos e co nome e teléfono da persoa de contacto.

Para a **valoración** dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Deseño
- Orixinalidade
- Utilización de recursos reciclados ou da natureza
- Iluminación.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do xurado, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o **3 de xaneiro de 2025**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello e por vía telefónica.

6.- PREMIOS

O importe dos premios será o seguinte:

- Categoría individual e comercio:
 - o 1º premio.- 125 euros
 - o 2º premio.- 75 euros

- Categoría persoa xurídica sen ánimo de lucro:
 - o 1º premio.- 150 euros
 - o 2º premio.- 100 euros

Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria ás persoas premiadas, previa presentación dunha declaración responsable, debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante na que se faga constar que non está incurso en prohibición para ser beneficiaria de subvencións e que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

7.- COMPROMISOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As persoas participantes comprometeranse a expoñer a decoración de Nadal que presenten coa solicitude de participación no concurso ata o día 06/01/2025.

Todas as persoas participante comprometeranse a aceptar a decisión do xurado.

A participación no concurso conleva a cesión a favor da organización, por parte das persoas concursantes, dos dereitos de reprodución e exposición sobre as obras presentadas, sempre e cando se empreguen para a promoción do Concello de Cenlle e sempre sen ánimo de lucro.

A participación neste concurso implica a total aceptación destas bases. As persoas participantes serán plenamente responsables de que non existan dereitos de terceiros das obras presentadas, así como de toda reclamación sobre posibles dereitos de imaxe.



Cenlle, 9 de decembro de 2024.

A alcaldesa

Documento asinado telematicamente